

Linguaxe e personalidade

Miquel Siguan

Universitat de Barcelona

Facultat de Psicologia
Universitat de Barcelona
Pg. Vall d'Hebron, 171
08035 - Barcelona (Catalunya), Spain
msiguan@psi.ub.es

Title: **Language and personality**

Abstract

This paper analyses the relationship between language and personality describing some of the main functions language can play, being understood as an instrument for rational knowledge, as a device for social communication, as a means for socialization or as an inner device that let us be conscious of our personal intimacy. Nevertheless, taking into account language functions we can see some descriptive limitations that often determine the interpretative significance of the relationship between language and personality.

Key words: cognition, socialization, language acquisition.

Resumo

Neste traballo realízase un percorrido polas relacións entre linguaxe e personalidade, ilustrando tales relacións mediante a descrición dalgunhas das funcións máis características que se lle poden atribuír a linguaxe, entendida esta como instrumento do coñecemento racional, como mecanismo de comunicación social, como medio a través do cal nos socializamos, ou como mecanismo interiorizado que nos permite ser conscientes da nosa intimidade persoal. Sen embargo, acudindo ás funcións da linguaxe observamos certas limitacións descritivas que tenden a condicionar o alcance interpretativo da relación entre a linguaxe e personalidade.

Palabras clave: cognición, socialización, adquisición lingüística.

[Traducción ó galego de Miguel Valverde Juncal]

1. A perspectiva cognitivista. A linguaxe, instrumento do coñecemento

Propoñerse tratar as relacións e implicacións mutuas entre dúas entidades tan complexas e escorregadizas como son a linguaxe e a personalidade implica unha certa audacia, e propoñerse facelo cun mínimo de profundidade no prazo dunha hora raia xa na insensatez. Pero os devanceiros dicían que a fortuna axuda ós audaces e, con esa confianza, vou tentalo.

Como tantas palabras do dicionario, a palabra “personalidade” inclúe moitos significados. Fálase, en sentido moral, dunha persoa cunha forte personalidade, e en psicoloxía diferencial distínguense tipos de personalidade; pero no seu significado propio, a palabra personalidade ha de se referir a algo común a tódolos seres humanos. Tódolos seres, inertes ou vivos, naturais ou artificiais (unha mesa, un piñeiro, un gato) son seres individuais. Cada un deles posúe características propias e cumpre determinadas funcións e, á súa vez, estas características e funcións estrutúranse nunha unidade individual. Entre os seres individuais hai algúns, os seres humanos, ós que chamamos persoas; e a personalidade será, polo tanto, o conxunto de características específicas e privativas dos individuos da especie humana e tamén, sobre todo, a forma peculiar en que se organizan nunha unidade.

Como as teorías psicolóxicas de máis actualidade nos nosos días son moi poucas no tema da personalidade, recordarei o que dende a experiencia cotiá podemos dicir sobre ela. Unha lagartixa é, coma nós, un ser vivo que actúa respondendo a estímulos do medio e para satisfacer determinadas necesidades. Pero a vida da lagartixa é monótona, repite continuamente os mesmos comportamentos. Nós, en cambio, temos comportamentos constantemente innovadores porque temos unha forma superior de coñecemento do medio que nos permite entendela e modificalo para sometelo ós nosos propios fins. E non temos uns fins únicos, senón unha pluralidade de fins que ordenamos segundo as nosas preferencias e entre os que podemos elixir. E, o que é máis importante aínda, non só coñecemos a realidade, senón que somos conscientes do noso coñecemento e non só perseguimos fins, senón que somos conscientes de que somos relativamente libres para elixilos ou modificalos. Así, conciencia intencional e liberdade responsable parecen ser as características básicas da personalidade humana. O que tentarei mostrar é que, en todos estes aspectos, a linguaxe xoga un papel decisivo. Pero para discutilo hei de me referir ás teorías psicolóxicas vixentes.

Hai uns anos, a teoría predominante na investigación psicolóxica era o conductismo, que pretendía ser estrictamente fiel ás regras do coñecemento científico. Para o conductismo, a conducta do home, como a de calquera organismo,

¹ Texto da conferencia de clausura do *Congreso de la Federación de Asociaciones de Psicología de España*, celebrado en Santiago-ACoruña os días 21-23 de setembro de 2000.

redúcese ó xogo duns estímulos e dunhas respostas en función da propia estrutura orgánica. Entendida así, a individualidade humana non ten nada que a distinga da individualidade animal e non ten interese, polo tanto, falar de personalidade como algo distinto da simple individualidade. E aínda poderíamos engadir, en relación co tema que nos ocupa, que para o conductismo tanto o coñecemento intelectual como a linguaxe merecían unha atención mínima.

Dende hai bastante tempo, o auxe do conductismo foi substituído polo cognitivismo, que pon o acento, antes que no comportamento activo, nas funcións cognitivas, e que sitúa en primeiro lugar as formas superiores do coñecemento, aquelas que son privativas dos seres humanos. Dende esta perspectiva, a primeira característica da personalidade humana ha ser a capacidade de coñecemento intelectual. E ó mesmo tempo –e isto enlaza directamente co noso tema–, para o cognitivismo o coñecemento ten unha estrutura verbal e está, polo tanto, estreitamente relacionado coa linguaxe, aínda que esta relación se entenda de formas distintas nas distintas correntes do cognitivismo.

Aclaremos un pouco a afirmación de que o coñecemento ten unha estrutura verbal. Por suposto, en sentido amplo, non todo o coñecemento é verbal. Percibimos e imaxinamos en forma sensible. Véxoos a vostedes e vexo a parede do fondo da sala. Nembargantes, en canto pretendo elaborar este coñecemento, aínda que só sexa para comunicárllelo a outros, hei de facelo verbalmente e dicir, por exemplo, “a parede é branca”. Ó verbalizalo fago algo máis que traducir unha impresión sensorial en palabras, operación que se pode entender de distintas maneiras. Pódese pensar que dicir a palabra ‘pared’ implica un proceso de abstracción que leva da simple imaxe ó concepto do que é unha parede e que permite que a palabra ‘pared’ e aplique non só ó que vexo no fondo da sala, senón a calquera parede. Pero tamén pode un crer que hai algo aínda máis importante: que ó dicir “a parede é branca” o que fago é distinguir na realidade que teño diante o obxecto e os seus atributos. A operación básica neste caso non sería a abstracción, senón a atribución ou o xuízo. Segundo se considere unha ou outra destas operacións como a primaria, teremos distintos modelos dos procesos cognitivos, un tema no que non podo entrar aquí e que me basta con mencionar.

O que interesa destacar, de todo o que acabo de dicir, é que se poñen de relevo as implicacións íntimas entre o coñecemento e as estruturas gramaticais básicas, unha implicación que é, sobre todo, clara no coñecemento científico. É certo que hai ciencias que parece que poden prescindir da linguaxe verbal; e así ocorre coa xeometría, que formaliza os nosos coñecementos espaciais e, sen embargo, o teorema de Pitágoras, como calquera coñecemento xeométrico, enúnciase verbalmente. E é certo tamén que a matemática utiliza símbolos alleos á linguaxe verbal e, sen embargo, o significado dos signos matemáticos só se pode adquirir en forma verbal. E é certo igualmente que a física non só utiliza signos, senón que se apoia en datos

empíricos non verbais (así, por exemplo, a noción de forza), pero, en definitiva, un tratado de física, unha suma de coñecementos físicos é un conxunto de proposicións verbais. Digamos, en resumo, que o coñecemento por antonomasia, o coñecemento científico é, en último termo, un coñecemento verbal.

Se na perspectiva cognitivista o coñecemento verbal é a característica fundamental do ser humano e, polo tanto, o constituínte básico da súa personalidade, podemos dicir que nenos e nenas, ó aprenderen a falar, constitúense como seres humanos cognoscentes; constitúense, polo tanto, en persoas, aínda que o cognitivismo sexa remiso a utilizar esta palabra. E hai máis aínda. A capacidade de coñecer non só se aplica a toda a realidade, senón que se pode aplicar tamén á comprensión da propia linguaxe, como fai a lingüística, poñendo de relevo as súas estruturas formais e, en último termo, a estreita correspondencia entre as categorías gramaticais e as estruturas cognitivas da propia natureza humana, no límite, mostrando unha homoloxía entre sistema gramatical e sistema nervioso. Dende esta perspectiva, a adquisición da linguaxe polo neno é o resultado dun proceso de maduración que permite manifestarse a unhas estruturas que estaban xa latentes no seu organismo dende o comezo.

Como a partir de aquí vou insistir nas limitacións desta concepción poderá parecer que a descualifico. Nada máis lonxe da miña intención. Boa parte das afirmacións desta postura son indiscutibles e boa parte están confirmadas por datos experimentais fóra de toda dúbida. Pero hai máis aínda. Esta postura entronca directamente con toda a tradición occidental no estudio da natureza humana. Para os pensadores gregos da época clásica, tanto para Platón como para Aristóteles, o home é un animal racional e, polo tanto, o que dei en chamar personalidade se identifica en primeiro lugar coa capacidade de razoar. Pero o coñecemento racional ten unha estrutura propia que é a lóxica. E para os pensadores gregos tamén a linguaxe está estreitamente relacionada coa lóxica: o nome correspóndese co concepto, a proposición correspóndese co xuízo e o discurso co razoamento lóxico. E esta estreita relación entre coñecemento e lingua mantívose ó longo de toda a historia do pensamento, nos tempos medievais (lembrems que para os escolásticos o concepto é o *verbus mentis*, a palabra mental), e que a implicación é aínda máis clara na filosofía racionalista (de xeito que é certo que o pensamento de Chomsky, por citar un representante moi significativo desta orientación, está na liña máis tradicional do pensamento occidental).

Pero unha vez dito todo isto a favor do cognitivismo, non podemos silenciar as súas limitacións á hora de explicar a mesma persoa humana. A primeira, que os seus propios representantes, dende moi cedo, procuraron emendar, é que a persoa non só coñece, senón que actúa (e, efectivamente, nas investigacións e nas teorizacións actuais vemos como se suceden os intentos por cubrir este flanco). A metáfora do ordenador debe substituírse pola do robot. O que, por outra parte, fainos caer na conta

de que son estas metáforas lóxicas e mecánicas, o admitir a posibilidade de que a actividade cognitiva non se limite ós seres humanos, o que explica que o cognitivismo refusa falar de personalidade.

Pero o cognitivismo, nas súas distintas versións, presenta unha limitación máis de fondo. Como xa sinaléi, a actividade cognitiva non é unha actividade no aire, senón que é a actividade dun suxeito que é intencional e que, ó mesmo tempo que coñece, sabe que coñece e é consciente das súas intencións. Precisamente o gran reto para os teóricos actuais do cognitivismo é explica-la conciencia.

2. A perspectiva sociocultural. A linguaxe, vehículo da socialización

Aínda que a perspectiva cognitiva presenta moitas variantes, é fácil mostrar que todas teñen trazos comúns. Fronte a ela a psicoloxía, e máis en xeral as ciencias do home, ofrecen nos nosos días outras interpretacións da natureza humana moi variadas e difíciles de clasificar. Un certo número delas poden agruparse baixo o título da perspectiva sociocultural.

Tódalas que caben baixo esta denominación teñen algúns trazos comúns. En primeiro lugar, se dende a perspectiva cognitiva o ser humano se caracteriza fundamentalmente por unha capacidade de coñecer e de procesar información, nos enfoques socioculturais o home é visto, xa que logo, como un ser activo que se propón fins ordenados nun sistema de valores.

En segundo lugar, mentres o cognitivismo considera o individuo humano exclusivamente como un individuo, nas perspectivas socioculturais o individuo humano, e polo tanto a súa personalidade, vese sempre en conexión con outros, formando parte de grupos máis ou menos amplos, máis ou menos complexos, e non como algo engadido, senón formando parte da súa propia natureza.

En terceiro lugar, mentres dende a perspectiva cognitivista a constitución do individuo como persoa é o resultado dun proceso de maduración que explicita capacidades innatas, dende as perspectivas socioculturais a personalidade aparece como o resultado dun proceso de socialización, proceso a través do cal o neno asimila as ideas e os valores da sociedade na que se educa e establece os seus propios fins.

A perspectiva sociocultural concrétese en modelos da personalidade moi distintos entre si e dos que a antropoloxía cultural ofrece bastantes exemplos. Todos eles, sen embargo, coinciden en considerar elementos constitutivos da personalidade, por un lado unha certa visión do mundo e, por outro lado, unha actividade ordenada respecto a fins, fins á súa vez xerarquizados nun sistema de valores. E dado que, tanto a visión do mundo como os sistemas de valores están compartidos cos que forman parte dunha mesma sociedade ou dunha mesma cultura, a personalidade así entendida pódese cualificar de personalidade social ou cultural.

Renunciando a profundar na descrición das súas múltiples variedades, a efectos

deste comentario só quero facer notar unha cousa: que se na perspectiva cognitiva a linguaxe é un elemento básico na constitución da personalidade humana, nas perspectivas socioculturais o seu papel é, se cabe, aínda máis destacado. A linguaxe é o vehículo principal da socialización; aprendendo a falar e a través da linguaxe é como o neno asume en primeiro lugar as ideas e os sistemas de valores da comunidade.

Se para o cognitivismo a linguaxe é o instrumento do pensamento e para os partidarios do enfoque sociocultural a linguaxe é o vehículo da socialización, ¿por que non sumar estas dúas funcións nunha perspectiva integradora? A tarefa non é tan fácil como podería parecer porque, en realidade, a linguaxe de que falamos nos dous casos non é a mesma.

Quizais o máis xeral que se poida dicir sobre a linguaxe é que é, ó mesmo tempo, instrumento do coñecemento e medio de comunicación. Pero cando falamos da linguaxe como instrumento do coñecemento pensamos na linguaxe da razón, implícita na súa natureza e, en último termo, no seu organismo, e, xa que logo, común para tódolos homes. En cambio, cando falamos da linguaxe como medio de comunicación, é evidente que para que os interlocutores se entendan non basta con que compartan a mesma estrutura cognitiva e verbal, non basta con que sexan falantes, é necesario ademais que falen a mesma lingua.

3. Linguas e culturas. A personalidade do bilingüe

Se o neno, ó aprender a falar nunha lingua determinada, asimila determinadas ideas e determinadas valoracións que ha compartir cos membros do seu mesmo grupo, é porque existe algunha relación entre a lingua en que empeza a falar, as características da sociedade que fala esta lingua e os seus produtos culturais de calquera tipo.

Os psicólogos sociais acostuman a denominar *hipótese Sapir-Whorf* a esta correspondencia. Pero é moito máis antiga, e arrinca de comezos do século XIX, cando no romanticismo alemán, por boca de Herder e sobre todo de Humboldt, se afirma que cada lingua é creación e expresión dunha cultura. Esta afirmación ten, entre outras, consecuencias políticas, pois o feito de que os membros dunha sociedade sexan conscientes de que posúen unha lingua e unha cultura propias fainos conscientes do seu dereito a se establecer como unha entidade política propia. Tal é a base do nacionalismo lingüístico, que foi aceptado con entusiasmo tanto polas grandes nacións establecidas no poder como polas nacionalidades reivindicativas.

Esta concepción ten consecuencias educativas claras: se antes dixeran que o neno, aprendendo a lingua, asimila a cultura que a través desta lingua se expresa, agora podemos engadir que ó adquirir a lingua se identifica cunha cultura nacional e adquire un espírito nacional que conforma a súa personalidade. E ¿que ocorrerá

entón co neno que aprende a falar en dúas linguas á vez, que ocorrerá co bilingüe completo capaz de pensar indiferentemente en dúas linguas? A resposta parece clara: necesariamente terá unha personalidade partida, esquizoide, o que lle producirá sentimentos de inseguridade ou de angustia pola súa incapacidade de decidir cál é a súa propia identidade.

Aínda que se poden presentar exemplos nos que aparentemente ocorre isto, a experiencia demóstranos que non sempre é así, e que en moitos casos é posible ser bilingüe e ter unha personalidade perfectamente equilibrada. Isto débese a que a unidade entre lingua e cultura –e entre cultura e personalidade– é moito menos estreita do que ás veces se ten dado por suposto. Francés e alemán son dúas linguas mutuamente incomprensibles, e para un cidadán francés que viaxe por Alemaña sen coñecer nada desta lingua calquera información que reciba é totalmente inasimilable e, sen embargo, moitas das cousas que contemple e que utilice, sexa unha catedral gótica, sexa unha autoestrada, seranlle perfectamente comprensibles. Francia e Alemaña compartiron durante séculos unha historia común europea e isto basta para que as súas formas culturais sexan parecidas e en moitos casos incluso idénticas. Pero tamén é certo o contrario, que baixo unha mesma lingua se poden abeirar formas culturais moi diversas, como ocorre actualmente co inglés. De maneira que o proceso de socialización a través da linguaxe é algo moito máis complexo que o assimilar a cultura implícita na lingua en que se empeza a falar.

Tódolos que crecen e empezan a falar en Sevilla o fan en español e, sen embargo, desenvolven personalidades notablemente distintas. Supoñamos que un neno dunha familia moi tradicional e relixiosa pero con escasos medios económicos, polo seu propio esforzo e ambición, consegue axudas que lle permiten chegar á universidade; que, como estudante universitario, nos anos sesenta se incorpora á resistencia contra Franco; que casa cunha moza do norte de España forasteira en Sevilla e allea ós seus costumes; que se establece como médico despois de fracasar ó tentar ingresar na Seguridade Social, e así sucesivamente. O noso suxeito desenvolve a súa personalidade integrándose en distintos grupos, que teñen ideas e actitudes distintas, mesmo ás veces contrapostas entre si, tentando compaxinar nunha unidade coherente ideas e actitudes moi diversas. E todo isto a pesar de que todos estes procesos os vive nunha lingua que é a mesma para tódolos que entran en contacto con el.

Estas observacións non negan a importancia da linguaxe nos procesos de socialización. Na sociedade sevillana, os distintos grupos sociais teñen peculiaridades lingüísticas que os distinguen e que poden actuar como signos de identidade. E basta imaxinar que o suxeito do noso exemplo, nado en Sevilla, se traslade a Barcelona para desenvolverse profesionalmente, onde se considera normal coñecer as dúas linguas, para comprender que estes problemas poden facerse importantes. E máis aínda se supoñemos que o suxeito do noso exemplo, establecido

en Sevilla, naceuse en Alxer e tivese o árabe como primeira lingua.

Notemos, sen embargo, que os problemas que se lle presentan ó bilingüe, como ser social que vive nunha sociedade determinada, non resultan do feito de que coñece e utiliza varias linguas, senón de que cada unha das linguas que coñece son linguas duns grupos sociais distintos para os que teñen distintos prestixios. E pode incluso ocorrer que os falantes dunha e doutra lingua estean en conflito e que falar unha ou outra lingua se converta nun símbolo de fidelidade ó grupo respectivo. É evidente, nestes casos, que se ó bilingüe se lle esixe que tome partido por unha ou por outra lingua se lle poden producir problemas de personalidade e, no límite, chegar a desequilibralo. Pero insisto en que a problemática persoal non resulta do feito de posuír varias linguas, senón do posto que cada unha delas ocupa na sociedade da que forma parte.

Non é este o lugar para estenderse na problemática do bilingüismo. Reteño só unha idea principal: a pesar de tódalas presións, o bilingüe mantén unha marxe de opción persoal respecto das linguas que coñece e utiliza, o cal significa que, nalgunha medida, está por riba ou máis alá delas. O que quero dicir con isto ilústrase ben cun exemplo que acostumo dicir cando relato este tema.

Julien Green é un escritor anglo-francés, falecido hai pouco; o único escritor francés de nacionalidade norteamericana que formou parte da Academia Francesa. Durante a última grande guerra, Green recibiu a encarga de escribir un libro sobre a historia e a cultura francesas, e redactara xa moitas páxinas en francés cando o editor lle fixo notar que, se o libro se destinaba a lectores norteamericanos, en vez de escribilo en francés podía escribilo directamente en inglés e aforrar así a tradución. Green contestou que se o escribía noutra lingua sairíalle outro libro, cousa que por outra parte fixo. A frase de Green cítase a miúdo para destacar a estreita correlación entre lingua e contido e, polo tanto, entre lingua e cultura. Pero a frase permite outra interpretación máis profunda. Hai un Green que escribe en francés e verte así a súa propia experiencia nesta lingua, hai un Green que escribe en inglés e verte así a súa experiencia nestoutra lingua, pero hai ademais un Green que le e compara ámbolos dous textos e os seus significados e decide que son distintos e advirte as súas diferencias. Hai polo tanto un Green que nalgunha medida é capaz de situarse máis alá das linguas nas que se expresa.

4. A linguaxe da intimidade

Continuando con esta pescuda en torno ó lugar da linguaxe na conducta humana, voume referir agora a unha terceira perspectiva, e é o seu uso na nosa intimidade, o que acostuma a chamarse linguaxe interiorizada. Mentres nas perspectivas anteriores me apoiei nas dúas grandes teorías psicolóxicas, aquí non teño ese acompañamento. A linguaxe interiorizada non é accesible á observación exterior nin á

experimentación, e polo tanto queda fóra dos límites da psicoloxía científica. Só o prestixio de Vygotsky e a atención que prestou ós usos non comunicativos da linguaxe e á hipótese da súa interiorización permitiu que na psicoloxía actual algúns autores sigan a falar da linguaxe interior.

Se perdemos a vergonza a falar entre psicólogos da nosa intimidade, descubrimos un panorama extraordinariamente rico e suxestivo. En primeiro lugar, é certo que pensamos verbalmente para resolver problemas, ás veces exclusivamente teóricos e, máis xeralmente, prácticos e orientados á acción. Pero pronto advertimos ademais que a nosa linguaxe interior, en boa parte, está formada por diálogos imaxinarios nos que recordamos conversas pasadas e anticipamos conversas futuras, ás veces probables, ás veces totalmente imposibles, que nos permiten satisfacer algunhas das nosas propias necesidades de afecto ou de afirmación. E non só sostemos diálogos imaxinarios, tamén nos contamos a nós mesmos as nosas experiencias pasadas, de modo que organizamos verbalmente a nosa biografía e a prolongamos por medio de expectativas futuras. E este diálogo con nós mesmos é especialmente claro no caso dos procesos de decisión. E, moi especialmente, cando chegamos a unha conclusión, cando dicimos “pois si, vou ó cine esta tarde” ou ben “pois non, non lle hei dirixir máis a palabra”, como se ó formulármolos a nós mesmos a decisión a fixese irreversible.

Non vou estenderme neste comentario que vostedes poden seguir pola súa propia conta, apoiados na experiencia de seu, pero creo que moi ben se pode dicir que a linguaxe interior nos permite advertir con moita claridade cáles son as funcións que cumpre a linguaxe na nosa vida. É á vez instrumento para o coñecemento e guía da acción, e ó mesmo tempo vehículo das nosas relacións persoais e das nosas implicacións sociais. Á que lle podemos engadir aínda outra: ser o fundamento principal da nosa intimidade.

Cando pensamos no noso pasado ou fantasiamos sobre o noso futuro, cando sostemos conversas imaxinarias, falamos cunha liberdade e unha sinceridade que non temos nas conversas reais. Incluso cando dialogamos con outras persoas, en cada momento somos conscientes da diferenza entre o que estamos a dicir, o que efectivamente estamos pensando e o que poderíamos ou desexariamos dicir. E este contraste entre o noso discurso exterior e o noso discurso interior fainos caer na conta de que a nosa personalidade se desdobra nunha personalidade íntima e unha personalidade pública, que é distinta para cada interlocutor e, polo tanto, menos auténtica. E, aínda que este descubrimento da intimidade ocorre tamén por outros camiños (baste pensar na dor física) non creo esaxerado dicir que a interiorización da linguaxe é a súa primeira e a súa máis permanente constatación.

5. A linguaxe do diálogo. Do suxeito gramatical ó suxeito persoal

Sítuome agora nunha cuarta e última dimensión. Dixen que para as teorías socioculturais a socialización do neno ocorre a través da adquisición da linguaxe. Pero o neno comeza a falar dialogando coas persoas que o rodean e, polo tanto, a linguaxe, antes de ser vehículo de integración nunha sociedade, é vehículo dunhas relacións persoais. E é razoable pensar que estas primeiras relacións persoais algo terán que ver coa constitución da personalidade de seu. De feito, podería pensarse que unha teoría da personalidade debería ser, por necesidade, unha teoría da impersonalidade. Non existe na psicoloxía científica actual ningunha orientación importante constituída sobre esta base, aínda que si ocorre a miúdo nas teorías que serven de base a prácticas psicoterapéuticas, e isto pódese dicir en primeiro lugar da psicanálise.

Nun comezo, o diálogo infantil é, en gran parte, unha confrontación de intencións: o neno e o seu interlocutor pretenden influír cada un no comportamento do outro. Axiña, a esta confrontación engádeselle o intercambio de información, pero logo tamén o neno ha de caer na conta de que para intercambiar información ha de ter en conta o punto de vista do outro, os seus coñecementos previos do tema sobre o que se lle informa e da medida en que a información ofrecida coincide cos seus intereses. Dito doutro xeito, que o outro non é só un emisor e receptor potencial de información, senón un centro de intencións e de puntos de vista propios.

Esta dualidade radical que supón o diálogo exprésase verbalmente por medio dos pronomes ‘eu’ e ‘ti’ ou polas diversas formas da morfoloxía verbal ou pronominal. A palabra ‘eu’ é a expresión verbal da noción de personalidade que estiven manexando ó longo de toda a miña exposición. ‘Eu’ designa o suxeito do coñecemento consciente e intencional do que querería ocuparse o cognitivismo; ‘eu’ designa o suxeito que se distingue das linguas que fala no caso do bilingüe e que mantén a súa liberdade fronte a elas; e ‘eu’ designa o suxeito que fala na súa intimidade.

Ó chegar aquí quero expresar unha queixa pola parcialidade dos estudos sobre a xénese e o desenvolvemento da linguaxe infantil, e destacar a minuciosidade coa que se estudia a adquisición de aspectos menores das estruturas sintácticas en contraste coa escasa atención dedicada ó desenvolvemento do diálogo e, entre outros puntos, á maneira en que o neno aprende a utilizar os pronomes persoais –‘eu’ en primeiro lugar–, ou tamén a como se habitúa a falar de si mesmo en masculino ou en feminino, por poñer outro exemplo de característica verbal que, evidentemente, non pode estar nos xenes. E se é certo que a palabra ‘eu’ é a expresión verbal da propia personalidade, a súa adquisición non é unha cuestión banal. E vou ofrecer un dato que o confirma.

Nun libro recente, que espertou un forte interese e que se traduciu ó castelán, *Vygotsky y la ciencia cognitiva*, o seu autor, William Frawley, propón establecer

pontes entre a perspectiva cognitivista e a sociocultural. Máis exactamente, propón darlle á interpretación cognitiva a posibilidade de integrar nocións como a conciencia e a intencionalidade, apoiándose para isto nas ideas de Vygotsky en torno á linguaxe interiorizada, unha linguaxe que ten por obxectivo ó mesmo tempo facilitar o coñecemento e orientar a acción, pero que pola súa interiorización implica tamén subxectividade. Frawley, ó revés do que dixer eu, só toma en conta a linguaxe interior dirixida á resolución de problemas e como facilitador da acción, a pesar do cal, nalgún momento ha de ocuparse do uso do pronome ‘eu’ e da súa adquisición.

E aínda que Vygotsky non tratou, que eu saiba, deste tema, el dálle unha interpretación que considera vigotskiana. Igual que o neno aprendendo palabras aprende os significados de cada palabra vixentes na cultura da sociedade á que se incorpora, tamén usando a palabra ‘eu’ no sentido que lle dan os demais descóbrese a si mesmo como suxeito das súas accións.

Neste punto debo deixar clara a miña desconformidade. Se o neno aprende a usar a palabra ‘eu’ para designarse a si mesmo é porque previamente se descubriu como un suxeito intencional. Moito antes de que o neno pequeno sexa capaz de identificar obxectos identifica persoas, e ten poucos meses de vida aínda cando, no cruce das miradas, emite os primeiros sorrisos, unha resposta que só produce en relación con persoas. Moi pronto tamén empeza o diálogo xestual cos que o rodean, un diálogo que nun primeiro momento é puramente afectivo e busca a plena identificación. Pero moi pronto se converte nun intercambio de informacións. O neno logo descobre que as intencións do outro non coinciden coas súas: a nai achégalle a culler á boca cando el non desexa seguir comendo, e pecha a boca e aparta a cara mentres a nai insiste en achegarlle a culler. Non só, durante un tempo, o diálogo xestual é basicamente unha confrontación de intencións, senón que axiña o neno se exercita en explorar os límites da súa capacidade de impoñer os seus desexos ós dos demais. De maneira que, cando comeza a dicir ‘eu’, se descubriu xa como suxeito activo das súas intencións.

O que acabo de dicir ten máis transcendencia que unha mera discusión sobre o momento de adquisición dunhas palabras. Creo que fun o primeiro, ou uns dos primeiros, en falar de Vygotsky entre nós, e sempre simpaticei coas súas posturas, que en moitos puntos comparto. Pero aquí está clara a miña diferenza: para Vygotsky o individuo humano, que comeza por ser exclusivamente un organismo biolóxico, socialízase a través da linguaxe. A min paréceme evidente que o descubrimento correlativo do outro e de min mesmo como suxeitos intencionais ocorre antes da adquisición da linguaxe, ocorre no marco do diálogo xestual que empeza a partir do comezo da vida do neno. O que non significa negar o grande papel que xogará a linguaxe, tanto no desenvolvemento da capacidade de coñecemento como nos procesos de socialización, pero si fai caer na conta de que o núcleo da personalidade está máis alá da linguaxe.

6. Conclusión: dicir o indicible

Chegou o momento de resumir o que dixen e extraer algunha conclusión. Como teño repetido con insistencia, a linguaxe é, en primeiro lugar, instrumento do coñecemento racional en tódalas súas formas e, moi especialmente, do coñecemento científico. Ó mesmo tempo, a linguaxe é o medio de comunicación principal cos nosos semellantes ó longo de toda a nosa vida. E tamén por medio da linguaxe nos incorporamos a unha sociedade e asimilamos os produtos culturais e os sistemas de valores que orientan a nosa conducta. Coa linguaxe interior pensamos e tentamos resolver os nosos problemas, recompilamos a nosa vida pasada e proxectamos e decidimos o noso futuro. E a linguaxe interiorizada fainos conscientes da nosa intimidade persoal. Ou sexa, que en tódolos aspectos principais da nosa existencia, a linguaxe xoga un papel fundamental.

Pero en todas estas dimensións, o papel da linguaxe ten tamén os seus límites. O diálogo verbal é importante para establecer e profundar a comunicación, pero a plenitude da comunicación co outro se expresa no silencio. A lingua conforma tódolos contidos culturais dun suxeito e, sen embargo, este non se confunde coa lingua que fala. E o propio coñecemento verbal ten tamén límites, e isto afecta directamente ó que estou a dicir, pois somos incapaces de formular loxicamente a raíz da personalidade entendida como un suxeito consciente, intencional e libre. Non é posible falar loxicamente, e non digamos cientificamente, desa subxectividade. As súas características principais, intencionalidade e liberdade, son nocións que non entran nas categorías científicas. E, en canto á propia subxectividade, para enunciarse algo sobre ela habería que descompoñela en suxeito e predicado, e ó descompoñela destrúese como unidade radical. Do que non se pode falar hai que calar, dicía Wittgenstein. Aínda que neste caso eu preferiría dicir que do que non se pode falar loxicamente, cientificamente, pode falarse poeticamente. Porque hai unha función da linguaxe, da que non falei na miña intervención, e é a súa función creadora. Pero isto xa é outra historia.